

U + Sociedade P3

O informe de expertos para a reforma e mellora da Universidade

Antonio Abril Abadín

PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE

U + Reportaxe P4-8

A UDC aposta pola divulgación para achegar a cultura científica á sociedade

Entrevista a Ricardo Cao, vicerreitor de Investigación e Transferencia

Ferrán Adria e Manuel Toharia, dous grandes comunicadores de visita nos centros coruñeses



U + Orzamentos P9

As prioridades para 2013



U + Galardóns P10

Premio do Consello Social ás boas prácticas en transferencia

U + Profesionais P11

Alba Estraviz Fernández

“Hai que desmitificar a crenza de que as Humanidades non teñen saída”

U + Centros P12

Facultade de Ciencias da Comunicación



U + Transferencia P13

Appentra lanzará unha tecnoloxía pioneira para automatizar a aceleración de programas informáticos

U + Actualidade P14-15

Chamamento dos reitores e reitoras ante a situación de asfixia económica

Armesto pídelles ao Claustro unidade para a defensa do ensino público

Nova iniciativa de apoio ao emprego entre a xuventude

A UDC colabora no sistema de salvamento impulsado por Inditex

Unha porta ás expresións da creación artística en Sinsal é Normal

Premios para o alumnado máis destacado na alta competición

O Muíño da Lingua, unha iniciativa pola visibilidade da cultura galega

O reitor presenta o novo Anuario da Facultade de Ciencias do Traballo

O Centro Tecnolóxico do Mar lanza o proxecto Ecodraga

U + Excelencia P16

Bruno Casal Rodríguez

PREMIO NACIONAL ENRIQUE FUENTES QUINTANA



As persoas: prioridade para a Universidade da Coruña

Xosé Luís Armesto
REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Consello Social da Universidade da Coruña vén de aprobar o orzamento para 2013. As persoas están no centro das dúas prioridades deste ano: reforzamento do capital intelectual e contribución ao principio de igualdade de oportunidades.

Todo o persoal –docente e investigador e o de administración e servizos- é imprescindible para acadar os obxectivos fundamentais: docencia de calidade, investigación e transferencia de coñecemento.

A aposta pola docencia de calidade vese na existencia de grupos reducidos de alumnos, cunha aprendizaxe personalizada e unha avaliación continua. Isto mellorará o rendemento académico, como se comprobará cando remate a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Para xerar coñecemento resulta imprescindible contar con investigadores

de alta cualificación con capacidade para captaren fondos competitivos. Estes fondos finalistas non contribúen ao financiamento estrutural; porén, sen eles a Universidade non pode funcionar con normalidade, polo que os recortes nas convocatorias autonómicas e estatais son particularmente perniciosos. Os ingresos obtidos a través de contratos con entidades privadas son aínda máis escasos debido á crise, ao pouco investimento en I+D+i do tecido empresarial e á inexistente cultura de mecenado.

O servizo público de educación superior debe actuar como unha ferramenta poderosa de mobilidade social ascendente. Isto conséguese cunha acaída política de bolsas que permita os estudantes con menos recursos o acceso á Universidade. Como sociedade, non podemos prescindir de capital intelectual difícil de reempazar. Unha nova fuga de cerebros sería un erro monumental que nos mergullaría máis na crise económica e que faría imposible

Pasos de mellora

Araceli Torres Miño
VICERREITORA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL

Cumprido un ano da toma de posesión do equipo reitoral dirixido por Xosé Luís Armesto na Universidade da Coruña é un bo momento para reflexionar sobre a situación do noso campus.

É certo que a I+D+i é unha das funcións intrínsecas da Universidade pero ao mesmo nivel de importancia sitúase a formación superior, indispensable na cohesión social. Acceder á universidade debe garantirse a todos os cidadáns, con independencia dos seus recursos económicos, e máis ante a actual conxuntura económica. Na UDC traballamos para favorecer ese dereito a pesares da previsión orzamentaria, que

contempla un descenso nos ingresos e medidas de austeridade, seguirase a dotar igualmente as bolsas e axudas propias aos estudantes.

No curso actual incrementouse o número de alumnos de primeira matrícula na maioría das titulacións do campus. Esta situación non é allea ás negociacións que mantiveron os reitores galegos cos responsables da Xunta de Galicia coa conxelación destas taxas como resultado. Tamén a mellora das infraestruturas e dos servizos que se ofrecen inciden decisivamente no número de estudantes que acceden aos campus. Neste senso estamos a dar pasos para



colocar o noso País entre os que contan con mellores indicadores de calidade de vida.

Por isto, neste momento de crise, a cualificación e o mantemento do seu persoal e a atención prioritaria ao estudiantado son a mellor contribución que a Universidade da Coruña pode facer á sociedade á que se debe.

ser máis competitivos. Contemplamos de modo singular a transferencia coas empresas da comarca. Colaboramos con institucións e asociacións da contorna para a realización de actividades culturais e deportivas con instalacións propias e mediante a ampliación de convenios de uso coa Armada e co Concello de Ferrol. Tamén é importante salientar o recente recoñecemento do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol que permitirá un particular desenvolvemento para as titulacións da área de ciencias da saúde.

Todas estas medidas xunto coa posibilidade de poder ofertar para o próximo curso unha residencia pública de estudantes, coa inestimable colaboración do Concello de Ferrol e da Consellería de Traballo e Benestar, constituirán sen dúbida un paso cualitativamente moi importante para o desenvolvemento do noso campus.

INFORMACIÓN E SUXESTIÓNS

comunicacion@udc.es
www.udc.es

@UDC_gal

www.facebook.com/udc.gal

EDITA

Universidade da Coruña
REITORÍA
RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 1047
comunicacion@udc.es

COORDINACIÓN, TEXTOS E FOTOGRAFÍA:

Gabinete de Comunicación

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:
Servizo de Normalización Lingüística

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Sistema Diseño

DEPÓSITO LEGAL:
C 2038-2009

Impreso en papel 100% ecolóxico.





O informe de expertos para a reforma e mellora da Universidade

Antonio Abril Abadín

PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE

Tempo haberá para analizar con detemento e profundidade as *Propuestas para la reforma y mejora de la calidad y eficiencia del sistema universitario español* formuladas recentemente pola comisión de expertos creada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, mais nunha primeira aproximación pódense facer xa certas valoracións.

Da complexidade da tarefa e do longo camiño por percorrer, dá idea que o informe comece por lle lembrar á sociedade española que as universidades son a pedra angular da economía do coñecemento e que a competitividade no mundo actual se apoia no protagonismo do capital humano formado para a xeración de novas ideas e coñecemento, polo que pide que a sociedade española aprecie e coide máis a súa universidade e, en consecuencia, lle esixa máis.

Ao labor de concienciación colectiva segue o recoñecemento de méritos e a este a análise crítica. Pois ben, o informe reflicte o extraordinario papel que desempeñaron as universidades españolas no desenvolvemento cultural, económico e social do país desde a transición á democracia e o seu gran papel corrector de desigualdades sociais, pero tamén é contundente ao recoñecer que as universidades españolas necesitan unha maior diferenciación e especialización, que faltan universidades de excelencia e que as universidades non preparan a mocidade suficientemente para encontrar un traballo adecuado ao título que reciben.

Ante o que chama “disfuncións actuais nas universidades españolas que teñen a súa orixe nunha inadecuada identificación ou ordenamento” dos sectores do público ao que deben servir, o informe lembra que a universidade está ao servizo da sociedade e non de si mesma, e que o seus principais grupos de interese son o estudantado e o conxunto da sociedade que as financia e non o seu persoal docente e investigador nin o persoal de administración e servizos, reiterando que as universidades non son patrimonio dos seus membros (estudantes, PDI e PAS) senón da sociedade que as financia.

Ata aquí nada novo, senón que o informe reitera, coas súas propias palabras, o que veñen dicindo os últimos estudos realizados sobre a universidade española, desde o Documento de Mellora e Seguimento das Políticas de Financiamento das Universidades aprobado en 2010 polo Consello de Universidades e a Conferencia Xeral de Política Universitaria, ata o Documento sobre Gobernanza Universitaria do Ministerio de Educación de 2011, pasando polo da Comisión de Expertos Internacionais, Universidades fortes para a España do futuro (2011) por citarmos só tres.

Cando menos, parece existir unha práctica unanimidade sobre a necesidade de mellorar o financiamento e reformar o goberno das nosas universidades, incluído o procedemento de selección dos cargos unipersoais, sobre o que o informe chega a dicir que favorece a defensa de intereses corporativos por riba dos intereses xerais e, por tanto, da excelencia académica, que é o que necesita a sociedade.

En concreto, a reforma do goberno das universidades, en xeral, e do sistema de elección ou designación do reitor, en particular, é, sen dúbida, o tema que vai suscitar máis controversia como xa evidencia a addenda que dous dos compoñentes da comisión de expertos formularon e na cal se impugna a proposta de cambio do sistema de goberno por entender que pode afectar ao principio de autonomía das universidades consagrado no art. 27.10 da Constitución española.

O esencial da proposta consiste na substitución do consello de goberno e do consello social por un único órgano, o consello da universidade que elixiría o reitor –que segue sendo necesariamente un académico– e cuxa autoridade se reforza. Igualmente, o informe preocúpase moito de salvagardar o principio de autonomía da universidade, xa que insiste en que o novo órgano mellora e garante a participación efectiva da sociedade civil no goberno das universidades, mais asemade mantén unha maioría académica co fin, precisamente, de garantir a autonomía universitaria. A falta de valoracións máis detidas, non me

parece, *prima facie*, que a reforma proposta pola comisión de expertos menoscabe a autonomía das universidades e menos aínda as liberdades de ensino, de cátedra e de investigación, auténtico escudo protector da universidade ante calquera intento de inxerencia externa nela.

En calquera caso, si me parece un tema prioritario e de responsabilidade social sermos capaces entre todos de dotar as nosas universidades dun sistema de xestión e goberno eficiente en que a primeira autoridade, o reitor, sexa unha persoa con capacidade e medios para xestionar e gobernar unha institución que ten que ser, como pide o informe, áxil, científica e eficaz, para dar resposta con eficiencia aos retos que formula o ensino público superior do século XXI, sempre con respecto do principio da autonomía universitaria, consagrado constitucionalmente non de maneira absoluta, a diferenza das liberdades de ensino, de cátedra e de produción científica, senón “nos termos que a lei establece”, polo que obviamente está moi lonxe de poderse entender como soberanía, e que non obstante o seu carácter de garantía fundamental, ten un carácter institucional e non político, ao servizo das liberdades antes citadas.



A UDC aposta pola divulgación para achegar a cultura científica á sociedade

A gran maioría dos galegos e galegas coincide en sinalar a investigación como un factor chave para mellorar a calidade de vida e o desenvolvemento económico. Máis do 87% realiza esta afirmación na enquisa realizada pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), e engade que se debería incrementar, ou cando menos manter, o investimento en investigación e desenvolvemento. Ora ben, aínda que está claro que a poboación galega apoia o papel da investigación, a cal nunha gran porcentaxe se desenvolve no seo das universidades, é moito máis tímida a súa implicación neste eido e apenas

un 11% confesa seguir as novidades relacionadas con disciplinas como a ciencia ou a tecnoloxía. Con todo, semella que está a aumentar o interese na última década, pois dos datos da mencionada enquisa tirase que cada vez son máis as persoas que se achegan ás salas de conferencias, ás exposicións ou aos foros de divulgación científica. Unha tendencia impulsada tamén polas posibilidades que ofrece a rede, con numerosas publicacións dixitais, blogs e foros dedicados a achegar a investigación á sociedade.

A Universidade da Coruña, como xeradora de I+D+i, con grupos de investigación moi activos e unha firme aposta pola transferencia de coñecemento, tamén está a dar pasos moi importantes neste sentido, a través de numerosas iniciativas encamiñadas tanto a dar coñecer á sociedade os resultados da investigación como en poñer ao servizo das empresas o seu capital científico e contribuir á divulgación sexa da man dos membros da comunidade universitaria, sexa tamén coa participación de prestixiosos profesionais, científicos e comunicadores das máis diversas disciplinas.



Ao servizo das empresas

Unha das iniciativas máis destacadas desenvolvidas recentemente foi a exposición "A Universidade coa Empresa", que tivo como sedes o Cantón Grande da Coruña e a praza da Constitución de Ferrol. A través dunha serie de paneis con información, gráficos e fotografías deuse a coñecer o labor dos máis destacados grupos de investigación da UDC e a súa interacción coa empresa mediante a transferencia dos

seus resultados e o coñecemento para favorecer o desenvolvemento do tecido produtivo galego.

Este labor dos investigadores vén de ser recoñecido pola Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva (ANEP), do Ministerio de Economía e Competitividade, que cualificou os grupos da UDC cun notable, ao acadaren 37 puntos sobre un máximo de 50. A ANEP analizou un total de 119 equipos de investigación da UDC en distintas parcelas, como a súa produción científica, a capacidade de xerar ingresos por transferencia de coñecemento

ao sector produtivo ou a súa capacidade de formación de persoal investigador. Outro dos elementos máis salientables deste resultado é que máis de 30 grupos obtiveron resultados por riba dos 40 puntos, o que os sitúa a un alto nivel competitivo na esfera internacional. Ademais da valoración dos grupos, tamén se realizou unha avaliación do persoal docente e investigador no plano individual cuxos resultados se poden cualificar como notables: o 13% logra o nivel de excelencia de calidade homologable a nivel internacional na súa área científica e o 30% é relevante a nivel estatal.



Propostas innovadoras

Este nivel de competencia quedou referendado na exposición da Universidade coa Empresa, que foi visitada por numerosas persoas ao estar situada nos centros neuráxicos da Coruña e Ferrol. Alén da propia exposición, organizáronse unha serie de actividades paralelas, desde xornadas sectoriais con empresas dos ámbitos das tecnoloxías da información e a comunicación ou da enxeñaría ata a conferencia do presidente do Consello Social, Antonio Abril, sobre a transferencia e a valorización da investigación como motor do desenvolvemento económico e social, así como programas radiofónicos de divulgación científica e orixinais propostas divulgativas como o "Discurshow", co científico e profesor da UDC Xurxo Mariño e o actor Vicente de Souza. Nesta novidosa actividade de difusión, a medio camiño entre a charla e o teatro, que leva por título "Protón. A fascinante historia dunha partícula inmortal... ou case", utilízanse pequenas pezas teatralizadas que substitúen as tradicionais presentacións en PowerPoint para transmitir conceptos básicos sobre a ciencia e a cultura científica. Así, fálanse da historia do Universo, de como foron desenvolvéndose a materia, os átomos, as

estrelas... para ao cabo de 9000 millóns de anos centrarnos na formación do Sol, o Sistema Solar e o planeta Terra. Unha vez na Terra, afóndase no ser humano e o seu encéfalo, e na evolución biolóxica que deu lugar á existencia de seres cun sistema nervioso extremadamente complexo, que ten a capacidade de xerar unha mente consciente e unha extraordinaria capacidade de comunicación: a linguaxe.

Este formato púxose en marcha no ano 2009 e está acadando un grande éxito, con actuacións por toda Galicia e no resto do Estado, desde Santiago de Compostela ata Bilbao, Donostia ou Barcelona, onde tivo unha excelente aceptación. Así o explica Xurxo Mariño, que é doutor en Ciencias Biolóxicas e membro do grupo de Neurociencia e Control Motor da UDC, Neurocom, dedicado ao estudo do funcionamento do sistema nervioso e integrado tamén por Javier Cudeiro e Casto Rivadulla. Trátase dun dos grupos máis activos da UDC non só no eido da investigación senón tamén na divulgación a través de orixinais propostas. De feito, son promotores dos chamados cafés-teatro científicos, que veñen desenvolvendo desde 2006 por diferentes locais de toda España e que o pasado ano recibiron o decisivo impulso do Instituto Cervantes, o que lles permitiu exportar a todo o mundo esta orixinal charla en que participan un científico e un actor, para o que contan

coa brillante colaboración de César Goldi e Vicente de Souza, que os levou xa a Tánxer, Casablanca, Nova Delhi, Estocolmo ou Dublín.

Ademais, esta actividade en que dun xeito ameno poñen sobre a mesa os distintos aspectos do coñecemento científico en xeral e dan a coñecer as liñas de investigación que se desenvolven na actualidade en Galicia, foi seleccionada pola FECYT dentro do grupo de prácticas inspiradoras en cultura científica. "A interacción co teatro é algo que procuramos sempre", indica Xurxo Mariño, quen engade que "a cultura non debería estar tan fragmentada" e "tender lazos coas humanidades é enriquecedor para a transmisión da ciencia". Para o investigador galego é fundamental o feito de que a Universidade da Coruña veña apoiando de xeito explícito esta aposta pola divulgación que une os tres integrantes de Neurocom, non só na súa actividade como grupo senón tamén a nivel individual, xa que Mariño e os seus compañeiros publican como investigadores e divulgadores ao tempo que ofrecen charlas en centros escolares, son parte activa da Asociación Galega de Comunicación da Cultura Científica e Tecnolóxica e colaboran coa rede de Museos Científicos en actividades como a Semana do Cerebro que se desenvolve na Domus.



Visita de divulgadores

Precisamente, a Universidade da Coruña desenvolve numerosas actividades conxuntas en apoio do labor dun dos principais núcleos de divulgación da ciencia na cidade, que acadou un gran prestixio a nivel internacional: a rede de museos científicos. Un conxunto de propostas divulgativas que recentemente loaba na súa conferencia, ofrecida na nova sede da Universidade Sénior do campus coruñés, o director científico da Cidade das Artes e as Ciencias de Valencia e un dos máis

prestixiosos divulgadores, Manuel Toharia (véxase a entrevista neste mesmo número).

A presenza de destacados difusores da cultura científica nas actividades que organiza a Universidade da Coruña é outra das apostas pola divulgación que está a desenvolver esta institución para achegar o coñecemento e a cultura científica á sociedade. Así, polas diferentes facultades e centros dos campus pasaron recentemente innumerables expertos e profesionais entre os que figuran o propio Toharia, o prestixioso chef e investigador Ferrán Adriá, ou a escritora e profesora de didáctica das ciencias e educación ambiental Marilar Aleixandre.

A Universidade da Coruña non só está comprometida coa divulgación da ciencia, senón tamén coa utilización da lingua galega no ámbito da investigación. De feito, o Servizo de Normalización Lingüística da UDC é un dos impulsores da campaña *En galego tamén se fai ciencia* (www.engalegotamensefaiencia.eu) promovida polas tres universidades galegas e na que participan investigadores como os xa mencionados Casto Rivadulla ou Marilar Aleixandre. Esta campaña ten como obxectivo reivindicar o emprego do galego máis alá do seu emprego literario ou da reflexión lingüística, defendendo o seu uso en todos os ámbitos, con especial fincapé nos espazos específicos da investigación, a ciencia e a súa divulgación.

Editorial P2

Xosé Luís Armesto

Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-8

Divulgación

U + Orzamentos P9

As prioridades para 2013

U + Galardóns P10

Premio do Consello Social

U + Profesionais P11

Alba Estraviz Fernández

U + Centros P12

Facultade de Ciencias da Comunicación

U + Transferencia P13

Appentra

U + Actualidade P14-15

U + Personaxes P16

Bruno Casal Rodríguez

“Na Coruña temos moi bos compañeiros de viaxe para avanzar na divulgación científica”

Ricardo Cao

VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

A universidade é unha das institucións máis activas na divulgación do coñecemento. Cales son as iniciativas máis salientables desenvolvidas pola UDC neste eido?

A UDC realiza moitas actividades de divulgación de coñecemento coordinadas pola Unidade de Divulgación da Cultura Científica, da que é responsable o profesor Moisés Canle. Entre elas figuran numerosas accións con escolares e público non especializado en que se amosa o aspecto cotián da ciencia mediante conferencias, exposicións ou visitas a centros da UDC para o estudantado de ensino secundario, nas cales pode ver o día a día dun investigador. Tamén se desenvolven actividades que reforzan a capacidade divulgadora dos investigadores, editanse obras especializadas, caso do primeiro dicionario de química en lingua galega, ou organizanse eventos como a exposición “A Universidade coa Empresa”, que tivo un grande éxito.

Cre que achegar a ciencia, o pensamento e a cultura ao público xeral resulta un factor decisivo na imaxe de universidade como un núcleo de coñecemento non afastado da realidade social?

Tradicionalmente as universidades foron transmisoras e xeradoras de coñecemento, mais non tanto divulgadoras deste coñecemento. Este é un aspecto fundamental que está a mudar. Na cidade da Coruña temos moi bos exemplos de divulgación caso dos Museos Científicos Coruñeses xunto co Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía. A UDC ten moito camiño por percorrer neste eido e cremos que podemos facelo con moi bos compañeiros de viaxe.

Un dos eidos fundamentais do seu departamento é a transferencia da investigación á sociedade. En que punto se atopa a Universidade da Coruña neste sentido?

Os grupos de investigación da UDC realizan un importante labor de transferencia coas empresas do noso contorno e mesmo con outras do panorama estatal e internacional. Estas colaboracións materialízanse en forma de contratos de consultoría ou asistencia técnica, así como acordos de colaboración. Un elemento fundamental neste eido da transferencia son as empresas de base tecnolóxica (EBT), polas que vén apostando a UDC desde 2011 mediante a participación en tres delas e con previsión de seguir nesta liña.

Coida que a sociedade aínda podía aproveitar moito máis o que a Universidade ten para ofrecerlle en materia de divulgación e transferencia de resultados?

Podería aproveitarse moitísimo mais. Por exemplo, en materia de divulgación, cos que temos que atopar unha canle axeitada para facermos divulgación científica no contexto da “rabiosa actualidade”. No eido da transferencia xa temos percorrida unha parte importante do camiño: os contratos con moitas empresas, os proxectos colaborativos, o viveiro, as empresas de base tecnolóxica... mais aínda quedan moitas cousas por facer.

Ata que punto está ameazada a I+D+i no ámbito universitario neste contexto de recortes e crise económica?

A ameaza é moi grande. Moitos proxectos de investigación estanse a resentir ou mesmo desbotar debido aos fortes recortes no financiamento estatal e autonómico, que incluso poñen en perigo a persistencia dalgúns grupos. Na investigación o capital humano é fundamental e a formación é longa e custosa. Ademais esta conxuntura está a dificultar a desexable remuda xeracional, pois as universidades temos moitísimas dificultades para estabilizar laboralmente o persoal investigador máis novo. Por tanto, a viabilidade de proxectos e a fuxida de talento fóra do noso contorno son as dúas ameazas máis serias. A desexable aposta da empresa privada pola investigación é unha oportunidade, aínda que non estea moi estendida neste momento.

A pesar desta situación crítica, o Ministerio de Economía vén de puntuar cun notable os grupos de investigación da UDC. Pode ser unha mensaxe para a esperanza?

É algo claramente positivo, aínda que fica moito camiño por percorrer, especialmente nas áreas máis novas da nosa universidade. Agora temos que traducir esa boa cualificación en acadarmos mais fondos, termos publicacións de maior impacto, afondarmos na transferencia e incrementarmos a internacionalización, mesmo desde as etapas iniciais, como o doutoramento. A cooperación con grupos de investigación doutras institucións faise moi necesaria, mais tamén entre distintos grupos da nosa universidade. Cooperación é unha palabra clave en investigación e máis nestes tempos.



Órganos de apoio á investigación e a divulgación

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA.

Conta con dúas persoas adxuntas, responsables dos asuntos de Investigación e Transferencia: a profesora Nieves Rodríguez Brisaboa e o profesor Jerónimo Puertas Agudo, respectivamente.

SERVIZO DE INVESTIGACIÓN (SERIN).

Encargado de apoiar a investigación nos aspectos administrativos e de xestión.

SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN (SAI).

Poñen a punto novas metodoloxías de análise e asesoran científicamente ao persoal investigador na resolución de problemas técnicos e experimentais.

OFICINA DE TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN (OTRI).

O órgano de enlace entre a universidade e a empresa, co obxectivo fundamental de favorecer as relacións entre os dous sectores.

FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

Xoga un importante papel na transferencia de resultados.

A UNIDADE DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA (UDCIENCIA).

Coordina as actividades que se realizan desde a UDC, colaborando, entre outros, cos Museos Científicos Coruñeses.

ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDUDC).

De recente creación, incluíra cursos de formación para o persoal investigador máis novo en materia de habilidades de divulgación científica.



“A xente quere ser Ferran Adrià traballando oito horas, mais iso é imposible”

O prestixioso chef é un dos divulgadores que pasaron pola UDC para transmitiren o seu coñecemento

O prestixioso cocineiro Ferran Adrià está a desenvolver ultimamente un intenso labor divulgador da man do programa “Xuntos para transformar”, de Telefónica, que o levou á Facultade de Economía e Empresa da UDC para desvelar os detalles do seu Mapa de Eficiencia na Innovación, que ofreceu en primicia ao ateigado auditorio. Este “mozo de barrio dunha familia normal ao que lle gustaba o fútbol”, como el mesmo se definiu, acabou converténdose no cerebro, artífice e promotor dun centro único no mundo que é a Bulli Foundation, un centro experimental sobre a eficiencia na creatividade que estuda os procesos e a maneira de auditalos utilizando a cocina como linguaxe, dialogando con outras disciplinas e divulgando todos os resultados por internet.

Neste proxecto é no que se inscribe o Mapa da Eficiencia na Innovación deseñado por Adrià, con ingredientes como a paixón, xa que “se non a tes é mellor dedicarse a outra cousa”, a xestión de horarios e procesos, a actitude, que non é outra que a de “traballar, traballar e traballar”, ou a capacidade de asumir riscos e a necesidade de “crer en ti mesmo, porque te van atacar por todos os lados en canto teñas un pouco de éxito”. Como broche a esta listaxe menciona a única cualidade innata, que é a capacidade de visualizar o futuro e “ver o que che vai pasar”. Sobre esta guía de privilexio para emprender con éxito falou Ferran Adrià na súa conversa coa revista U+S, en que reflexionaba sobre o emprendemento, a crise ou o talento.

O peche do restaurante El Bulli deu lugar a moitas especulacións. Cal foi o motivo realmente?

Eu teño unha máxima: cando algo funciona, cámbiao. Eu sabía que non era o final do Bulli, non se acababa, porque era un monstro e segue a selo, mais as polémicas que se suscitaron estaban comezando a xerar unha imaxe estraña e mesmo opinións moi agresivas sobre o noso labor. Coa nova fundación, que non é máis que a continuidade do noso proxecto, é moito máis difícil que iso pase porque ten unha vertente altruista e nós temos a intención de compartilo absolutamente todo. Iso faino difícilmente discutible.

Como pode aproveitar o mapa de eficiencia na innovación a nova xeración de profesionais que saen da universidade?

Parto da base que tan importante como ser eficiente é poder medir ata que punto, porque podes crer que es eficiente e non selo en realidade. Eu sempre fun un obseso da eficiencia, porque ou es eficiente ou estás morto, e moito máis nun restaurante. Xa podes ser moi bo que se tardas en poñer un café vas tirar por terra todo o que fixeches antes, e enriba vanse queixar. Nós falamos diso neste mapa da eficiencia, que se basea na cocina, aínda que os procesos que aplicamos se poden extrapolar a calquera disciplina. Son as liñas mestras de calquera proceso de traballo, desde xestionar os horarios ata optimizar os recursos.

A verdade é que resulta abafador

Finalmente é moi sinxelo. É como unha ecuación: se non son eficiente nos meus resultados é porque algún dos elementos do mapa non está a funcionar. Como nunha análise de sangue, pode estar case todo ben, pero se hai algo que falla pode fallar todo. E ás veces son as cousas sinxelas as que te superan. Como a dedicación ao traballo. A xente quere ser Ferran Adrià traballando oito horas. Pois non, iso é imposible. É o que digo nas miñas conferencias, claro que tamén o fago un pouco para provocar.

Tamén di que mesmo contando con todos os elementos do mapa de eficiencia, se falla a visión de futuro véñse todo abaixo...

Iso é de feito o que está a pasar. O que montou un diario hai dez anos non tiña visión de futuro. Hai sectores en que tes que ter unha gran capacidade para visualizar o que vai pasar co fin de acadar éxito. Se es unha empresa de mobles, como fas para facerlle fronte a Ikea?, ou cunha empresa téxtil tendo ao lado Zara? Aí é onde entra en xogo esa capacidade. Que a tes ou non a tes, é talento puro.

Cre que as empresas en xeral están preparadas para introduciren a creatividade e a innovación como prioridades nos seus procesos produtivos?

Zara xa o fai, fíxoo sempre, e foi creativa no modelo de produción e distribución, non no deseño. O mesmo pasa con Apple, que ao longo da historia só sacou cinco produtos ao mercado e ten o monopolio absoluto. O que diferencia a normalidade da brillantez é a visión e a actitude. Busca o teu modelo, busca o que queres.

Pero estamos nun momento moi difícil para dar ese paso. Como poden facer os emprendedores para xestionaren o medo neste contexto de crise?

Non pensando e tendo moi claro como é o sistema: ou boles ou estás fóra. Aquí ata hai pouco desprazarse cen quilómetros da casa para traballar supoñía un esforzo sobrehumano. Vivimos unha bonanza económica excesiva e moi rápida e por iso, non nos enganemos, non estamos xa afeitados á necesidade.

O seu proxecto da Bullipedia, que conterà todo o arquivo creativo de El Bulli para compartir a nivel global, é divulgación en estado puro. Que foi o que o levou a desenvolver esta idea?

O efecto viral da rede para compartir, divulgar e promover é impresionante. Nós queríamos compartir o noso coñecemento, pero se non tivésemos o soporte dixital este proxecto sería imposible. No arquivo creativo teremos todo o contido evolutivo da cocina occidental. É un proxecto moi complexo, mais cremos que vai ser marabilloso a nivel conceptual, porque vai ser aplicable non só á cocina, senón tamén a calquera campo de coñecemento.

Editorial P2

Xosé Luís Armesto

Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-8

Divulgación

U + Orzamentos P9

As prioridades para 2013

U + Galardóns P10

Premio do Consello Social

U + Profesionais P11

Alba Estraviz Fernández

U + Centros P12

Facultade de Ciencias da Comunicación

U + Transferencia P13

Appentra

U + Actualidade P14-15

U + Personaxes P16

Bruno Casal Rodríguez

Manuel Toharia

DIRECTOR CIENTÍFICO DO COMPLEXO CIDADE DAS ARTES E DAS CIENCIAS DE VALENCIA

“A ciencia que se ensina no colexio e na universidade parécese máis aos preceptos dunha relixión que a un auténtico ensino racional e crítico”

Manuel Toharia está considerado como un dos máis prestixiosos divulgadores científicos españois. Leva ao redor duns corenta anos traballando neste eido, enchendo auditorios en máis de cen conferencias anuais. Unha delas levouno recentemente á Normal, para ofrecer o relatorio inaugural das novas instalacións da Universidade Sénior da Coruña

Cales son as regras de ouro para ser un bo divulgador?

Con toda franqueza, non o sei. Levo máis de corenta anos nese oficio e aínda me fago esa pregunta. Supoño que dominar ben aquilo que se quere contar, e logo saber contalo de forma que che entenda unha maioría de persoas que non saben de que vai o asunto, e facelo con entusiasmo e claridade de ideas. Pero hai tantos matices que introducir...

Cre que é importante que a universidade potencie o seu papel divulgador non só para a súa propia comunidade, senón tamén para a sociedade en xeral?

Claro que si. O recinto universitario non pode quedarse nun expendedor de coñecementos, cun papel que o certifique ao final. Ao contrario, está ao servizo do conxunto da sociedade e dela obtén os seus recursos. Cantas máis cousas faga por devolverlle á sociedade o que esta lle pide, e por facer entender cal é o seu papel formador, informador e divulgador, mellor será para todos. E iso vale, que conste, non só para as disciplinas científicas.

Vostede encheu o auditorio na inauguración da nova sede da Universidade Sénior. Cre que o achegamento ao mundo da ciencia non ten idade?

Claro que non. Todo o mundo ten dereito ao coñecemento, o cal inclúe pequenos e maiores, cultos e incultos, interesados e desinteresados, avós e avoas, netos e netas... Non deberíamos discriminar. O mellor público é... todo o público. Porque se non estaríamos facendo, en certo modo, trampas. Todos teñen dereito ao coñecemento, aínda que sexa básico.

Nas súas intervencións vostede achega disciplinas como a física ou a química aplicadas ao mundo cotián. Cales son os temas que máis interesan?

Hai dúas grandes categorías: os temas que revisten un interese directo para as persoas –a saúde, a enerxía, os alimentos, as cousas da vida cotiá...– e os temas que, en certo modo, sintonizan co noso eu fantástico, coa nosa poderosa capacidade de imaxinarmos cousas, coa nosa fantasía, en suma. Nesta segunda categoría entran, por exemplo, os temas astronómicos: Que importancia pode ter para a vida dunha persoa normal saber que se descubriu un planeta extrasolar a 50 anos-luz de distancia? Ningunha,

claro, mais resulta fascinante porque enseguida imaxinamos que ao mellor alí hai seres vivos, coma nós ou non, e todas esas cousas... A ciencia é á vez práctica e fantasiosa. Con racionalidade que non exclúe a imaxinación.

Cal foi a pregunta máis rara que lle fixeron?


Teño de todo un pouco. A máis frecuente adoita ser do tipo: Que houbo antes do Big Bang? E cando tentas explicar que nin idea, pero que a física supón que no Big Bang naceu non só o espazo senón tamén o tempo, e que por tanto non hai nada máis alá do Universo, a xente pon caras moi raras. E sempre hai alguén que di: “pois daquela estaría Deus”. E a iso adoito responder que quizais si, pero daquela, a Deus quen o puxo aí, el mesmo? E así volvemos ao Big Bang. É poñerlles nomes ás cousas; só que aos físicos o Big Bang non lles pon mandamentos morais nin sociorrelixiosos; esíxelles racionalidade e coherencia, se acaso.

Pensa que os programas educativos para os escolares enfocan adecuadamente a aprendizaxe de disciplinas científicas?

Probablemente non. Ensinan unha ciencia xa feita, como se estivese rematada. Non ensinan a parte dinámica do coñecemento científico, que constantemente se pon a proba a si mesmo, que está en permanente debate, que nunca está seguro de todo pero aínda así segue avanzando, que só coñece verdades que o son mentres non se demostre o contrario... A ciencia que se ensina nos currículos escolares e universitarios parécese máis aos preceptos dunha relixión que a un auténtico ensino racional e crítico, escéptico en suma.

Considera que en España está suficientemente valorado o papel dos divulgadores ou aínda nos queda un camiño por percorrer?

Melloramos moitísimo desde a época en que eu comecei, hai máis de corenta anos. Ora ben, o noso nivel non era moi alto daquela e agora seguimos estando por debaixo do que deberíamos, aínda que non parecemos bastante máis ao que se fai nos países do noso contorno.



A Coruña é unha cidade moi dinámica canto a divulgación científica coa súa rede de museos e o MUNCYT. Como valora este tipo de iniciativas?

En Europa moita xente --quizais proporcionalmente máis que en España-- esta pequena cidade do noroeste da Península, preto do finis terrae, é considerada como unha das capitais mundiais da divulgación. Menos mal que podemos aprender moito do que se leva facendo na Coruña desde hai tanto tempo; e grazas a iso comezan agora a ter un excelente nivel uns cantos centros dese tipo en todo o país.

Esta revista fai especial fincapé na transferencia de resultados de investigación á sociedade desde o ámbito universitario. Como valora a situación en España neste sentido?

Estamos en momentos de evolución. Moitas universidades comprenderon que esa transferencia é esencial, e promoveron nos seus campus centros en que as empresas colaboran directamente cos departamentos universitarios e se benefician dos seus avances e investigacións. Grazas a iso mellora a calidade e a cantidade do i da ecuación I+D+i, a innovación. Algo parecido debería facerse, pero anda máis retrasado, coa mera divulgación daqueles aspectos universitarios non necesariamente relacionados co mundo empresarial; aí temos aínda moito camiño por percorrer.

Que lle parecen os recortes á I+D+i que se están aplicando debido á crise?

Mal, claro. Aínda que hai que matizar que non é só un problema de investimento público, senón sobre todo dun mal endémico da investigación en España, do que se fala pouco: a escasa importancia que se lle dá a ese apartado na empresa privada. Noutros países moi desenvolvidos o Estado inviste en ciencia, pero aínda invisten máis as empresas privadas. Ou sexa, que se hai que tirar das orellas aos gobernos, fagámolo, pero merecen aínda máis ese tirón de orellas moitas das nosas empresas privadas. Por fortuna hai un poderoso tecido de pemes que fan esforzos enormes e moi loables, mais aínda son unha minoría.

O mantemento do persoal e as axudas ao estudiantado serán as prioridades no orzamento da UDC para 2013

A Universidade da Coruña contará cun total de 119,6 millóns de euros para este ano, o que supón un descenso do 3% con respecto ás contas de 2012, situando a institución académica por debaixo do nivel de 2008 en 7 millóns de euros.

Estas son as cifras presentadas polo reitor da UDC, Xosé Luís Armesto, e a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas, Amalia Blanco, que

a universidade terá que administrar establecendo unhas prioridades moi claras, tendo en conta a situación actual.

Os capítulos de mantemento do persoal e axudas e bolsas propias ao estudiantado foron sinalados como os primeiros da lista, e deste xeito os gastos de persoal mantéñense cos mesmos números que o pasado ano (87,6 millóns de euros), mentres que no referente a apoio ao alumnado,

recóllense nas cotas a potenciación das relacións e a mobilidade internacional co crecemento das prácticas Erasmus e os convenios bilaterais para os estudos de grao e de mestrado, incluíndo tamén o establecemento de redes internacionais de cooperación.

Ingresos

Os ingresos da universidade pública coruñesa proceden na súa maioría do financiamento da Xunta cunha achega de 94 millóns de euros, a que se suman, entre outras partidas, os fondos propios da Universidade da Coruña con 3,2 millóns de euros e un ingreso extraordinario da reclamación histórica do IVE pagado no seu día por gastos relacionados coa investigación e que supón 1,4 millóns máis.

As taxas de matrícula manteñen a leve tendencia descendente mostrada nos últimos exercicios, a pesar de que a Xunta de Galicia conxelou os prezos da primeira matrícula, situación en que está en torno ao 80% do alumnado da Universidade da Coruña. Se ben a Xunta aumentou as taxas das segundas e sucesivas matrículas, estes ingresos non reverten na propia universidade, senón que foron reclamados desde o goberno autonómico.

Investimentos

Este capítulo volverá baixar en 2013, acumulando unha caída do 55% desde o ano 2009. Tamén se farán economías en gasto corrente cun axuste do 2,4%. Unha das actuacións relevantes en que a Universidade da Coruña investirá o próximo ano será o apoio á investigación ligado á maior eficiencia na xestión do gasto. Desde xeito, os grupos de investigación universitarios serán financiados en función dos resultados obtidos na avaliación externa realizada este ano. Cabe destacar que a nota media emitida pola axencia avaliadora foi un notable.

No capítulo de investimentos tamén se consignou unha partida especial para a adaptación do equipamento da residencia universitaria de Ferrol e dos gastos correntes asociados con vistas á cesión dun edificio por parte do concello ferrolán que será a primeira residencia pública de que disporá a Universidade da Coruña

Situación saneada

Tanto o reitor como a vicerreitora insistiron en que a situación económica actual da Universidade da Coruña é saneada e sen débedas, grazas á planificación económica efectuada nos exercicios anteriores de contención do gasto e rigor na execución orzamentaria. Aínda así, reiteraron que esta situación non se pode soste no tempo, non só pola redución das achegas da Xunta de Galicia senón porque tamén están a caer de forma significativa os fondos finalistas para I+D+i.

Un gran esforzo

Armesto insistiu en que se están facendo "esforzos tremendos para cumprir cos nosos obxectivos de manter as bolsas, que ten que ver co principio de igualdade de oportunidades para os alumnos, de manter o cadro de persoal e de impartir unha docencia de calidade". O reitor declarou que a Universidade da Coruña está en "constante transformación", en referencia aos cambios derivados da adaptación ao espazo europeo de educación superior, como son os grupos reducidos de estudantes, as prácticas en empresas en todas as titulacións ou a realización dun proxecto de fin de grao, e tamén ás modificacións no cadro de persoal docente e investigador ao poder impartir materias básicas de grao calquera dos profesores da mesma área de coñecemento. No que respecta ao persoal de administración e servizos, lembrou que se están a reorganizar as súas funcións co fin de optimizar os recursos existentes e poder manter o cadro de persoal.

Editorial P2

Xosé Luís Armesto

Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-8

Divulgación

U + Orzamentos P9

As prioridades para 2013

U + Galardóns P10

Premio do Consello Social

U + Profesionais P11

Alba Estraviz Fernández

U + Centros P12

Facultade de Ciencias da Comunicación

U + Transferencia P13

Appentra

U + Actualidade P14-15

U + Personaxes P16

Bruno Casal Rodríguez



O Consello Social premia as boas prácticas dos grupos de investigación e as empresas na transferencia de coñecemento

O Grupo de Enxeñaría da UDC e a empresa Enmacosa foron os galardoados este ano

O Grupo Integrado de Enxeñaría e a empresa Enmacosa S.A. foron este ano os galardoados polo Consello Social da Universidade da Coruña cos premios IMPULSO UDC, que se outorga aos grupos de investigación máis competitivos da Universidade da Coruña, e CONFIANZA UDC, en que se se recoñece o compromiso da empresa coa Universidade. Os premiados recibiron unha obra de arte conmemorativa deseñada polo artista arousano Miguel Piñeiro.

O Consello Social decidiu seleccionar o Grupo Integrado de Enxeñaría da UDC (GII), en recoñecemento á consecución de obxectivos prioritarios no eido da I+D+i, concretamente na súa aposta pola transferencia dos resultados da investigación en ámbitos como a enxeñaría naval, a enxeñaría de fluídos, a organización industrial e os sistemas autónomos. Durante os últimos anos, esta aposta véñse materializando en múltiples proxectos de colaboración universidade-empresa que deron importantes froitos. De entre eles, o Consello Social destaca os traballos en sistemas de control de estabilidade e prevención de resonancia paramétrica en buques ou de detección de caídas de mariñeiros ao mar. Tamén destaca o deseño de sistemas para plataformas offshore, os estudos de robótica

intelixente en aplicacións industriais, así como os traballos de organización industrial sobre a optimización do uso de recursos de estaleiros ou portos. O labor de investigación e de transferencia ás industrias locais levou o GII a obter cinco patentes e 38 rexistros de software.

Con respecto ao Premio CONFIANZA UDC, foi concedido a Enmacosa S.A. en recoñecemento ao seu compromiso e implicación no eido da colaboración universidade-empresa. Unha aposta que se vén materializando desde hai varios anos en múltiples e importantes iniciativas no eido do fomento da formación en competencias do estudantado, da inserción laboral dos antigos alumnos e alumnas, e da promoción da investigación e a transferencia de tecnoloxía.

Actualmente, a empresa participa, en colaboración coa UDC, na posta en marcha de tres ambiciosos proxectos de I+D+i cun orzamento total de 1,7 millóns de euros ata 2014. Trátase de proxectos vinculados a intelixencia artificial con aplicación en diversos sectores, e denominados Odisea, Meteoros e Tovias. Céntranse na optimización do deseño de estruturas de torres de alta tensión, no desenvolvemento e mellora de modelos teóricos do formigón estrutural e a procura dun sistema de

visualización, interacción e análise topográfica.

O Consello Social salienta ademais a importancia da aposta de Enmacosa pola formación en competencias e a inserción laboral dos titulados e tituladas da UDC, á vista da súa intensa participación nos programas de prácticas profesionais e da cantidade de titulados universitarios procedentes da UDC no seu cadro de persoal, e procedentes de diversas titulacións como Arquitectura, Enxeñaría de Edificación, Enxeñaría de Camiños, Enxeñaría Técnica de Obras Públicas ou Informática.

A través destes premios, o Consello Social pretende honrar publicamente os grupos de investigación da UDC e as empresas do seu contorno que destaquen pola súa singular contribución á implantación dun modelo produtivo baseado na transmisión e explotación do coñecemento. Deste xeito favorécese as boas prácticas na transferencia de coñecemento e a captación de recursos por parte dos grupos de investigación, e ao mesmo tempo recoñécese o labor daquelas empresas e institucións que apostan pola colaboración coa Universidade da Coruña como vía para avanzar cara á meta do progreso.

Os galardoados

O Grupo Integrado de Ingeniería (GII) nace no ano 1999 da unión de tres grupos de investigación xa consolidados na Universidade da Coruña: o Grupo de Sistemas Autónomos (GSA), o Grupo de Organización Industrial (GOI) e o Grupo de Enxeñaría de Fluídos (GIF). Trátase dun grupo multidisciplinar que desenvolve investigación en ámbitos moi variados dentro da enxeñaría e da computación.

O seu centro de traballo está situado no campus de Ferrol e está formado por profesores universitarios, investigadores e colaboradores pertencentes principalmente aos departamentos de Computación, Enxeñaría Naval e Oceánica e Análise Económica e Administración de Empresas.

Enmacosa S.A. é unha empresa situada na provincia de Pontevedra, dedicada á consultoría técnica no eido da enxeñaría. Na actualidade conta cun grupo multidisciplinar que desenvolve proxectos de asistencia técnica en eidos diversos como o da edificación, laboratorio, xeotecnia, instalacións, obras civís, seguridade e saúde.





“Hai que desmitificar a crenza de que as Humanidades non teñen saída”

Alba Estraviz Fernández

LICENCIADA EN DOCUMENTACIÓN POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, VÉN DE ACADAR UNA BOLSA NO SENADO TRAS PASAR POLO INSTITUTO CERVANTES

Deixar o Instituto Cervantes para aterrar no Senado. Parece un privilexio nestes tempos de crise verse na encrucillada de ter que elixir entre dous destinos así, e sen pasar dos 25 anos de idade. Alba Estraviz síntese efectivamente unha privilexiada, pero o seu non é cuestión de sorte. Licenciada en Documentación pola Universidade da Coruña no ano 2011, ten un expediente espectacular e non deixa de moverse na procura de bolsas de formación. O seu último destino é a Bolsa de Formación Arquivística, Documental e Bibliotecaria do Senado, a que se incorporou o pasado 3 de xaneiro. Uns días antes charlabamos con ela sobre o seu paso polo campus de Ferrol, sobre a situación actual para a mocidade e os seus retos de futuro.

Como conseguiches acadar a bolsa para o Senado?

Busco moitas convocatorias e estou subscrita a unha base de datos que me envía información. Esta bolsa en concreto publicouse no Boletín Oficial do Estado. Cando a conseguín tiven que deixar a miña estadia como bolseira no Instituto Cervantes e tamén me concederon ao mesmo tempo unha bolsa para o Parlamento de Galicia, pero tiven que renunciar para marchar a Madrid.

Que tal a túa experiencia no Instituto Cervantes?

Foi unha bolsa de formación en documentación e a verdade é que fago un balance moi positivo da experiencia. É gratificante iniciarte na túa profesión con temas relacionados coa lingua e a literatura. Ademais, servíame porque agora xa sei o que é traballar nun centro grande, con moitos recursos e unha organización complexa.

E como afrontas o novo reto no Senado?

Con moitas ganas e esperanza de aprender moito e tamén de achegar cousas novas. A verdade é que a expectativa impón bastante, pero menos despois de ter estado no Cervantes. Tampouco hai que perder de vista que somos bolseiros, nós imos aprender.

Tal como está a situación é alentador ver que hai xente nova que non deixa de traballar

A verdade é que eu tiven moita sorte, porque me tocou estudar nun momento en que a Documentación acaba de darse a coñecer e está bastante solicitada. Pero teño amigos noutras carreiras que están moi fastidiados. A cousa está bastante mal e os que temos algo podemos consideramos uns privilexiados. Pero tamén hai que estar disposto a moverse. Eu estou renunciando a moitas cousas que teño na casa e teño que vivir en Madrid cun soldo de bolseira.

Consideras entón que ás veces hai que deixar o contorno para acadar unha oportunidade laboral?

Creo que oportunidades hai, pero ao mellor non sempre están á porta da casa. Aínda que na miña rama incluso no ámbito de Galicia saen cousas, por exemplo na propia universidade e noutras institucións da Administración pública... Para realizar prácticas hai bastante onde elixir.

Así que non é verdade que a rama de Humanidades teña poucas saídas laborais

Hai que desmitificar esa crenza, porque non fai máis que prexudicarnos. As Humanidades non sempre teñen poucas saídas. No caso da miña carreira, a Facultade leva poucos anos e hai unha demanda importante de profesionais especializados. Antes non había formación específica e por iso tiñamos que loitar contra o intrusismo, pero a situación está mudando.

Ademais, no noso caso estamos entre as humanidades e as novas tecnoloxías, porque as ferramentas dos documentalistas están moi vinculadas ás TIC. Temos que estar a realizar unha reciclaxe permanente porque esas ferramentas de xestión de datos quedan obsoletas en moi pouco tempo. É que nós traballamos con bases de datos, con recursos dixitais... Xa non se cataloga coa fichiña de biblioteca de antes. E na carreira combinamos a aprendizaxe de disciplinas vinculadas ás humanidades con materias en que ter base no manexo de tecnoloxía é fundamental. Aínda que cada

institución ten a súa propia ferramenta de xestión personalizada, a base é moi similar, e iso temos que o aprender na carreira. Eu penso que, polo menos no caso de Ferrol, da facultade saes ben preparado para o que vas necesitar.

Que foi o que te levou a estudar Documentación?

A verdade é que o de ter todo ordenado, controlado e catalogado forma parte do meu carácter. Digamos que é unha tendencia persoal, sempre me gustou ter as cousas gardadas en caixas. E conforme fun avanzando na carreira foime gustando cada vez máis.

Volverías estudar a carreira en Ferrol?

Volvería sen dubidalo, tanto á miña facultade como á cidade de Ferrol. E iso que ao principio custoume adaptarme porque non coñecía a ningunha. Despois funme integrando e agora volvería cos ollos pechados, para min foi moi importante a experiencia de vivir fóra da casa, e sobre todo nótoo agora que estou en Madrid, moito máis lonxe. E da facultade creo que saímos moi ben preparados e que nos atenden moi ben, porque somos poucos e temos clases reducidas que ofrecen unha formación moi individualizada. Da miña promoción case todos estamos conseguindo bolsas, mellor ou peor pagadas, pero polo menos imos atopando cousas.

En que campo che gustaría traballar no futuro?

A min o que me gusta son os centros de documentación e arquivo, pero a posibilidade da empresa privada tamén está aí e cada vez demándannos máis. En calquera caso, non quero pecharme ningunha porta. Podo marchar a calquera lugar, tanto en España como fóra, para min non hai fronteiras. Non me quero pechar barreiras xeográficas.

E despois do Senado?

Quen sabe. Buscar máis bolsas, buscar traballo... E se non sae nada haberá que buscar noutra parte. Quen sabe onde pode estar a túa oportunidade?



Facultade de Ciencias da Comunicación

Un centro cun plan de estudos único no Estado baseado nas tendencias máis punteiras en contidos audiovisuais

A Facultade de Ciencias da Comunicación cumprirá o seu décimo aniversario o próximo curso 2013-2014. Unha celebración que chegará tras unha década de traballo para posicionar este centro da Universidade da Coruña, situado no campus de Elviña, como punteiro a nivel estatal no ámbito da creación, produción e realización de contidos audiovisuais e interactivos, cunha clara orientación cara ás novas tecnoloxías. De feito, tal e como nos explica o seu decano, José Juan Videla, o plan de estudos do Grao en Comunicación Audiovisual, o título que se imparte na actualidade tras a adaptación ao novo espazo europeo de educación superior, é "único en España e absolutamente atípico dentro dos graos de comunicación", xa que está claramente orientado á comunicación multimedia, con materias que abranguen desde a infografía 3D ata as ferramentas web, os videoxogos, a animación, os efectos especiais ou os dispositivos móbiles. Neste sentido reconece que "o deseño do plan de estudos foi unha elección arriscada no seu momento", por exemplo con materias como Multimedia sobre Dispositivos Móbiles, cando nin os teléfonos intelixentes nin as tabletas sequera saíran ao mercado. Hoxe demóstrase que esa orientación do plan de estudos foi atinada en termos xerais, xa que permitiu que esta facultade ofrezca unha formación especializada dirixida cara ás novas necesidades do mercado laboral.

Neste centro poden formarse futuros expertos e expertas en dirección, guiión e realización audiovisuais, así como produción e xestión, deseño de produción e posprodución audiovisual e sonora ou investigación en estudos audiovisuais. Como non pode ser doutro xeito, a orientación do plan de estudos é eminentemente práctica, o que resultou tamén un acerto de cara á implantación do novo EEES. Aínda así, Videla indica que o esforzo de adaptación da facultade desde os seus inicios foi enorme. Comezou como centro para albergar o segundo ciclo de Comunicación Audiovisual, posteriormente transformouse en grao, o que obrigou a duplicar materias, profesorado e alumnado, e o pasado curso completou xa todo o ciclo, ao acadar o cuarto curso, pero impartindo ao mesmo tempo materias da licenciatura para aquel estudiantado do antigo plan que aínda non rematou a docencia.

A facultade conta actualmente con 275 alumnos e alumnas entre grao e licenciatura e segue acadando unha gran demanda por parte do estudiantado, cunha matrícula limitada a 50 prazas de novo ingreso, mais que se ve superada na práctica. O perfil do alumnado foi mudando desde os inicios, cando era moi destacada a presenza de persoas procedentes doutras titulacións e pasaban ao segundo ciclo da licenciatura, moitas delas compatibilizando traballo e estudos. "Agora a media de idade é máis baixa e recibimos alumnado de toda Galicia e mesmo de Asturias e León que se sente atraído pola comunicación audiovisual", segundo declara Videla. O profesorado tamén é moi novo, nunha franxa entre 35 e 40 anos de media, que está moito máis familiarizado coas novas tecnoloxías da comunicación e cunha gran capacidade de impulso e motivación para guiar os pasos dos profesionais do futuro nun dos eidos laborais con maior potencial de desenvolvemento.

Para poder desenvolver o ambicioso plan de estudos a facultade conta cunha completa dotación técnica. De feito, está integrada no Programa Profesionais Dixitais do Plan Avanza como Centro de Experimentación e Produción de Contidos Dixitais, o que lle permitiu un notable incremento de equipamentos tecnolóxicos, con equipos como a unidade de produción en 3D, a unidade de captura de imaxe para animación e efectos especiais, un laboratorio Mac con 21 ordenadores que se suman aos catro laboratorios de PC ou un aparello de seguimento ocular (Eye-tracking) para testar a usabilidade en interfaces usuario-máquina. Ademais, o centro conta con cinco laboratorios de ordenadores, un laboratorio de posprodución, equipos de edición, plató e estudio de son e radio, ademais de 13 cámaras para uso do alumnado, equipos de son e iluminación fotográfica ou videoteca.



Investigación e Divulgación

Na Facultade de CC. da Comunicación tamén destaca a actividade investigadora. Entre as liñas de traballo do profesorado da Área de Comunicación Audiovisual salientan nestes momentos as investigacións que se están a desenvolver ao redor da creación e distribución de contidos audiovisuais en mobilidade.

No que respecta á docencia, alén dos contidos do plan de estudos, organizanse cursos de formación especializada impartidos por expertos, ben como se programan conferencias de profesionais relevantes no sector. Intervenien desde directores de xornais, canles de televisión e emisoras de radio ata responsables de produción ou xestores de contidos.

Outra das actividades con maior éxito é a exposición que desde hai dous anos realiza o alumnado de Dirección de Fotografía e Deseño de Produción, e que reúne as mellores fotografías e maquetas con escenografías que destacan pola súa gran calidade e orixinalidade.

A facultade coorganiza desde hai cinco anos o Festival Internacional de Vídeo Universitario, o U Frame, coas universidades de Porto, Austin (Texas) e Metodista de São Paulo (Brasil). Tamén forma parte da organización do Festival Mundos Dixitais e este ano coorganizará xunto coas facultades de Comunicación de Santiago e Pontevedra o congreso Ibercom 2013.

Por outra banda, o centro é membro constituínte da Asociación de Universidades con Títulos de Información e Comunicación. Trátase dunha iniciativa moi recente e atractiva, que agrupa os centros que imparten este tipo de títulos co obxectivo de elaboraren e deseñaren propostas e estratexias conxuntas para mellorar a calidade destes estudos.



Appentra lanzará este ano unha tecnoloxía pioneira no mundo para automatizar a aceleración de programas informáticos

Esta spin off da UDC constituída hai menos dun ano prepara a saída ao mercado internacional dun produto con aplicación en sectores tan diversos como o aeroespacial, o industrial ou o biomédico

A empresa Appentra, spin off de base tecnolóxica participada nun 5% pola UDC como socio estratéxico, é o paradigma da tendencia á que aspiran hoxe as institucións universitarias no que se refire a transferencia de resultados da investigación. É que o que comezou no eido da investigación dunha tecnoloxía de computación de alto rendemento, desenvolvida polo profesor da Facultade de Informática Manuel Arenaz no grupo de Arquitectura de Computadores, foi madurando ata converterse nunha idea de negocio. Os compañeiros de Arenaz nesta iniciativa emprendedora que se plasmou o 24 de xullo de 2012 na creación da empresa Appentra Solutions, son Jorge Allo, profesional con 12 anos de experiencia en empresas do sector das tecnoloxías da información, e María Rosa Vázquez, que conta cunha traxectoria de preto de dúas décadas nos campos da consultoría, a xestión administrativa e o comercio exterior. Os tres forman un equipo cohesionado, en que cada un achega os elementos fundamentais para garantir a viabilidade dun proxecto destas características –a dirección técnica, a dirección executiva e a dirección financeira–, sobre todo, un espírito de equipo, moita confianza e unha gran motivación para emprender novos proxectos. Así o indican eles mesmos, ao tempo que destacan o apoio recibido pola propia Universidade da Coruña, a través da Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación (OTRI) e o viveiro de empresas, no que están a piques de cumprir un ano de estadía.

Tras o complexo proceso de desenvolvemento do plan de negocio e a constitución da empresa, Appentra atópase neste momento en plena preparación para o lanzamento ao mercado do seu produto, previsto para este ano, baixo o nome comercial de “ParallWare”. Trátase dun software pioneiro no mundo para automatizar a aceleración dos cálculos en aplicacións de simulacións que teñen altas necesidades computacionais. Esta ferramenta pode aplicarse en todos os ámbitos da enxeñaría, a ciencia e a industria que requiran un uso extensivo de técnicas de computación de alto rendemento HPC (High Performance Computing) como é o caso do sector aeroespacial, a automoción, a enxeñaría civil, a investigación farmacéutica, a biomedicina ou a química.

Os promotores desta iniciativa explican que ParallWare proporciona unha solución técnica potente e moderna ao gran reto da chamada paralelización automática de aplicacións, para a que non existen actualmente produtos de prestacións similares no mercado de software. Por tanto, as súas expectativas na comercialización apuntan moi alto xa desde o primeiro momento, por se dirixiren a un mercado global, isto é, internacional e multisectorial, en que os potenciais clientes son as empresas ou organismos que traballan con aplicacións HPC. Neste sentido, os socios de Appentra sinalan que na sociedade moderna se xeneralizou o uso de sistemas HPC en todo tipo

de dispositivos, desde os smartphones e tablets ata ordenadores ou grandes supercomputadores. Porén, recalcan que os grandes avances conseguidos no ámbito da industria do hardware de HPC acadaron un maior desenvolvemento que os conquistados na industria do software para a programación destes modernos sistemas e o aproveitamento máximo do seu potencial. É aí, precisamente, onde se atopa o nicho de mercado de Appentra, que ofrece unha nova ferramenta con que explotar ese potencial mediante un acelerador automático de aplicacións que acurta os tempos e aumenta a precisión dos resultados dos programas.

A estratexia de márketing desta nova empresa abrangue desde a asistencia a eventos internacionais ata a presentación do produto en foros técnicos, co obxectivo inicial de chegar ao mercado europeo e dar despois o salto a Estados Unidos, co horizonte a medio prazo de chegar á venda online. Para acadar estes retos foi fundamental non só a fusión dun investigador do ámbito universitario e dous profesionais externos, o que desemboca nun equipo equilibrado, senón tamén o novo regulamento en relación coas spin off da UDC, que permite ao profesorado e persoal investigador da comunidade universitaria unha maior implicación nos proxectos tanto a nivel de dedicación como na súa marxe de participación na sociedade empresarial.

Un equipo equilibrado e ganas de emprender, as claves do éxito

“Eu animo os investigadores a que dean o salto ao eido empresarial”, sinala Manuel Arenaz, quen lamenta que moitos proxectos brillantes con moitas posibilidades de aplicación fiquen en terra de ninguén. Na súa opinión, ademais de contar cunha idea de negocio, o máis importante para levar a bo porto unha iniciativa deste tipo é crear o equipo axeitado. Un aspecto en que coinciden plenamente os seus socios

e ao que suman as ganas de emprender. Jorge Allo lembra que el sempre traballou por conta allea mais xa levaba un tempo pensando en lanzarse á aventura empresarial. Un ámbito en que se move hai moito tempo María Rosa Vázquez, quen admite que “o emprendemento crea adicción”, xa que unha vez que se entra nese terreo “andas sempre na procura de novas ideas e negocios.”

Os reitores e reitoras das universidades públicas reclaman solucións ante a súa situación de asfixia económica

A difícil situación en que a crise económica do país está deixando as universidades españolas é máis que preocupante, e así o quixeron poñer de manifesto os reitores e reitoras das universidades públicas. No comunicado emitido de xeito conxunto baixo o título "A Universidade, garantía de futuro", lembran que a diminución dos orzamentos xerais do Estado para 2013, que acada un 18% en educación superior e un 80% nos gastos non financeiros en I+D+i, supón unha "deterioración irreparable" que non só pode levar á "perda do tren do desenvolvemento tecnolóxico" hipotecando a investigación e os maiores avances na fronteira do coñecemento, senón que fará inviable o funcionamento das universidades públicas. Unha situación que se agrava polo endebedamento das comunidades autónomas e a mingua das transferencias de partidas destinadas ás universidades, que están conducindo ao sistema universitario a "unha situación próxima á asfixia económica".

"Sen coñecemento non haberá progreso", afirman os reitores e reitoras, que solicitan ás administracións un cambio de mentalidade, considerando a educación superior, a investigación, o desenvolvemento e a innovación "como un investimento e non como un gasto". Pola súa banda, transmiten o compromiso das universidades para incrementar a eficacia e a eficiencia e a continuar coa transparencia e a rendición de contas ante a sociedade, co fin de "seguir impulsando a cohesión social do país como motores e fontes de coñecemento e riqueza". Así mesmo, manifestan a súa vontade de colaboración coas administracións públicas para axudar a resolver este grave problema económico e para seguir traballando por un futuro sostible para as universidades españolas. Rematan lembrando que, de seguir a situación actual, "non perderán soamente as universidades, senón que perderemos todos, o conxunto da sociedade", porque "quedaremos sen unha das armas necesarias para avanzarmos e saírmos da crise económica: o coñecemento".

Nova iniciativa para apoiar a busca de emprego e fomentar o emprendemento entre a xuventude

A Universidade da Coruña, en colaboración con Europe Direct, da Deputación da Coruña, celebrou con grande éxito o Foro Xuventude en Movemento, co obxectivo de afondar no apoio ao estudantado e aos titulados e tituladas na procura de formación axeitada ás necesidades do actual mercado laboral, na busca activa e efectiva de emprego e no emprendemento para todos aqueles que desexen lanzarse á aventura empresarial. Nas xornadas ofreceuse desde formación a persoas interesadas en incrementar as súas habilidades de comunicación ata asesoramento para estudar ou desenvolver a profesión noutro país da Unión Europea, para poñer en marcha un proxecto empresarial, para acadar bolsas e axudas e para coñecer os perfís profesionais máis demandados no mercado de traballo. E todo cun formato ameno e directo, en que se incluíron numerosos obradoiros, performances e actividades lúdicas, desenvolvidos baixo o lema "Emprégate a fondo, participa, emprende o teu futuro".

Xosé Luís Armesto pídelle ao Claustro unidade para a defensa do ensino público

As dificultades polas que está a atravesar a universidade pública centraron gran parte da última sesión do Claustro da Universidade da Coruña, a que o reitor da UDC, Xosé Luís Armesto, pediu un esforzo de "unidade institucional" para sermos capaces de identificar os nosos obxectivos". O reitor presentou o seu informe ao Claustro, en que deu conta das súas xestións efectuadas ao longo deste ano para cumprir coa declaración en defensa da universidade pública que se aprobou o pasado 15 de maio. Ao longo de sete horas de intensos e interesantes debates púxose se manifesto a concordancia dos claustrais na defensa da universidade pública e a preocupación tanto pola situación actual como polo futuro do ensino superior, con especial inquietude no que afecta ao acceso do estudantado ás universidades e o seu mantemento nela por cuestións económicas. Nas quendas de palabra tocáronse temas como as taxas de matrícula, as posibles vías de mellora na organización do traballo que busquen unha maior eficiencia, ou mesmo a busca alternativa de canles de financiamento. Os claustrais interesáronse por temas pendentes, como o caso das licenzas de obra que, segundo dixo o reitor, estará solucionado en canto se aprobe o Plan xeral de ordenación urbana; ou a residencia universitaria de Ferrol. Armesto recoñeceu publicamente o gran traballo que está a realizar o Concello de Ferrol, que cualificou de "modélico" para, en colaboración coa Universidade, dispoñer da primeira residencia universitaria.

A UDC colaborou na investigación patrocinada por Inditex dun sistema de salvamento de mariñeiros

A Universidade da Coruña, a través do equipo de investigación do Grupo Integrado de Enxeñaría, da Escola Politécnica Superior, coordinado por Richard Duro, vén de colaborar no desenvolvemento tecnolóxico dun revolucionario sistema de seguridade marítima, realizado pola compañía de enxeñaría Scio IT e patrocinado por Inditex, e no que tamén colaborou a Universidade de Vigo. Este sistema, denominado "Safe to sea", ten como obxectivo salvar vidas en situación de home na auga en pequenas embarcacións pesqueiras. Na súa presentación, na sede do grupo téxtil, estiveron presentes a ministra de Fomento, Ana Pastor, e o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo. Ambos coincidiron en sinalar que esta investigación supón "un antes e un despois para a seguridade no mar". O dispositivo, que conta coa última tecnoloxía en telecomunicacións, está integrado en formatos ergonómicos para non entorpecer a tarefa do mariñeiro, é válido para todo tipo de barcos, pero especialmente pensado para os pesqueiros, porque é onde se produce o 90 por cento das caídas pola borda. O sistema componse dun dispositivo integrado na embarcación que fai un seguimento permanente dos movementos dos tripulantes, a través do seguimento electrónico integrado no cinto ou traxe de augas. En caso de caída á auga envía un sinal de alarma e despreza un chaleco homologado de inflado automático en dous segundos que permite manter a flote ao mariñeiro ata o seu rescate. No momento da caída, o dispositivo do barco guía a tripulación cara ao punto do incidente e, no caso de que non haxa ninguén a bordo, traslada unha mensaxe de alerta e a posición GPS do naufrago aos barcos do contorno e aos equipos de salvamento marítimo.





As diferentes expresións da creación cultural e artística déronse a man en Sinsal é Normal

O Espazo de Intervención Cultural da Universidade da Coruña, Normal, desenvolveu unha novidosa proposta denominada Sinsal, un singular concepto de festival, de intervención e de participación á carta, aberto á colectividade, en progresión e itinerante. Baixo o título de "Sinsal é Normal", o festival desenvolveuse ao longo dun mes, en que se realizaron en torno a vinte actividades, organizadas en diferentes espazos de creación onde a música conectou con outras disciplinas como o cine doméstico, a fotografía, a literatura, o coleccionismo, a arte plástica, a danza, a radio ou o vídeo. Todas as artes tiveron o seu punto de encontro organizadas nas seccións de Espazo Laboratorio, Espazo Super8, Espazo Escritorio, Escola Sinsal, Performances e Club Sinsal. Grupos, artistas, profesionais, xornalistas ou escritores participaron neste encontro, con representantes destacados como Manuel Rivas, Xosé Manuel Pereiro, Iago Martínez, Nouvelle Cuisine, Grupo S8, Like Drone Razor Trough Flesh Sphere, David Saavedra, Javier Becerra, Mario Regueira, Xesús Fraga, Roberto Mallo, Anki Toner, Julio Gómez, Michel Cloup (Experience), Daniel Salgado, Xurxo Souto, The Ex, Mano de Obra, Janet Novás, Ariel Ninas, Miguel Prado, Antía Otero, Isaac Garabatos ou Ulrica.

O Muíño da Lingua, unha nova iniciativa para darlle visibilidade á cultura galega

A Universidade da Coruña vén de emprender unha nova iniciativa para darlle á lingua e á cultura galega un espazo público. Trátase do Muíño da Lingua, unha obra deseñada polo estudante de Arquitectura Camilo Blanco Pampín, que foi situada na praza da Zapateira fronte á Facultade de Ciencias. A instalación, que gañou a edición 2010 do Premio Luísa Villalta de promoción do idioma nas universidades galegas, leva unha serie de caixas para compartir lecturas (book-crossing), mensaxes, ideas ou comentarios. Os promotores da iniciativa foron o Servizo de Normalización Lingüística e a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias, que decidiron poñer en marcha esta idea de mobiliario urbano para a comunicación e o intercambio, de xeito que, como explicaba o propio autor, "toda a comunidade universitaria poderá deixar apuntes casuais, estados de ánimo, unha observación, un consello, un contacto, un debuxo, un CD, un libro... e sorprenderse co que atope no seu interior".



A UDC premia cos galardóns do Día do Deporte os alumnos e alumnas máis destacados na alta competición

O campus de Ferrol celebrou o Día do Deporte cun completo programa de actividades, desenvolvidas no Pavillón de Esteiro, que abrangueu desde competicións de fútbol sala e baloncesto ata masterclass de unibike, workpower e cardiobox. Tamén se celebraron exhibicións de danza, e demostracións de esgrima, nunha intensa xornada que culminou no Centro Cultural Universitario coa entrega dos Premios UDC Deportes, que este ano recaeron nas alumnas da Universidade da Coruña Sofía Toro e Tamara Echegoyen, que acadaron a Medalla de Ouro en Vela nas pasadas Olimpíadas de Londres. Ademais, fíxose unha mención especial a Marco Carreira, ex alumno da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da UDC, taekwondista e preparador físico de elite e fundador da escola de taekwondo da Universidade da Coruña. Ademais, a Área de Deportes recoñeceu os estudantes coruñeses que destacaron ao longo do curso nas diversas ligas e competicións universitarias.

O reitor presenta o novo Anuario da Facultade de Ciencias do Traballo

O reitor da UDC, Xosé Luís Armesto, presentou o II Anuario da Facultade de Ciencias do Traballo, do campus de Ferrol, en que se recollen traballos de investigación da área socioxurídica realizados por expertos no tema tanto da Facultade como doutras entidades académicas. Xunto co reitor estiveron presentes o decano, Moisés Alberto García Núñez; a secretaria do Anuario, Pilar Millor Arias; o presidente da Comisión de Normalización Lingüística do centro, José Luis López Fernández, e o membro do comité científico do Anuario, Xosé Manuel Carril Vázquez.

O Centro Tecnolóxico do Mar lanza o proxecto Ecodraga

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, Araceli Torres, asistiu á xornada de presentación do proxecto Ecodraga, celebrado no Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), en Vigo. O proxecto foi financiado polo CDTI no marco do programa Interconecta-Galicia e ten como obxecto principal o desenvolvemento dun prototipo de draga ecolóxica para a limpeza por succión de fondos mariños. Este sistema de dragado en circuíto pechado permitirá reducir a turbidez nas operacións de dragado e un novo proceso de vertido de materiais no medio mariño cunha menor dispersión. A Universidade da Coruña forma parte do padroado do Centro Tecnolóxico do Mar, unha fundación de interese galego creada en ano 2001 co obxectivo de impulsar a cooperación entre institucións, centros de investigación e sector marítimo-pesqueiro, así como fomentar a implicación dos sectores dependentes do mar en actividades de I+D+i, favorecendo a eficiencia de todas as actividades relacionadas co uso e explotación do medio mariño.

“O máis complicado de valorar é a sobrecarga emocional e o custo de dor e sufrimento”

Bruno Casal Rodríguez

PROFESOR DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA APLICADA DA UDC, VÉN DE GAÑAR O PREMIO NACIONAL ENRIQUE FUENTES QUINTANA A TESES DE DOUTORAMENTO EN ECONOMÍA. O SEU TRABALLO CENTROUSE NO ESTUDO ECONÓMICO DOS CUSTOS DA ENFERMIDADE DE ALZHEIMER E O CONSUMO DE DROGAS



Que supuxo para vostede a concesión deste premio no que respecta a recoñecemento ao labor de investigación desenvolvido na súa tese de doutoramento?

Desde o punto de vista da persoa que se doutora o premio debe considerarse como un pulo ao seu futuro labor investigador, máis que o recoñecemento dunha investigación xa superada. Non obstante, é indubidable que a convocatoria deste tipo de premios faise co obxectivo de recoñecer un esforzo, que non só é atribuíble ao doutorando, senón tamén aos seus directores – neste caso Berta Rivera e Luís Currais –, e a todas aquelas persoas e institucións que, dun xeito ou outro, axudaron a levar a bo termo a investigación, incluída a familia e as amizades.

Que foi o que o levou a decantarse pola temática dos custos do alzhéimer e o consumo de drogas?

Teño que recoñecer que a especialización en temas relacionados coa economía da saúde é unha temática que recibín como “herdanza” da miña directora, Berta Rivera. Aínda que nun principio as nosas temáticas prioritarias estaban máis relacionadas con saúde e crecemento económico, derivamos cara á análise de problemas de saúde concretos, que supoñen unha carga significativa para o conxunto da sociedade, como é o caso das demencias e o consumo de drogas. O estado de saúde do colectivo inmigrante tamén foi obxecto de análise en distintos traballos.

Como se desenvolveu o proceso de investigación?

Precisou un traballo de campo intenso para a abordaxe empírica dos custos, debido á ausencia de fontes de información o suficientemente fiables como para abordar as cuestións concretas que se querían resolver. No estudo sobre o alzhéimer deseñáronse cuestionarios específicos para as cuidadoras e os cuidadores e fixemos múltiples reunións. Canto á investigación sobre drogas, tivemos que abordar un laborioso traballo de procesamento e homoxeneización dos datos de diferentes servizos da Consellaría de Sanidade.

Cales son os datos que máis chaman a atención neste estudo?

En termos xerais, os importantes custos sociais que supoñen os dous problemas de saúde abordados. Mitigando estes problemas, ou polo menos reducindo as súas consecuencias, xerárase un importante retorno económico para a sociedade, que podería ser utilizado para outro tipo de actuacións. No caso do consumo de drogas ilegais, o custo social estimado chega a representar o 0,12% do PIB galego e o 2% do gasto do sistema sanitario público galego.

Con respecto ao alzhéimer, o custo de tempo que supón o cuidado de enfermos parece inabordable...

Máis que o custo do tempo, que foi un dos conceptos que se estimou na investigación, o que realmente resulta complicado de valorar en termos económicos é a categoría dos custos intanxibles, que fan referencia á sobrecarga emocional, á dor e ao sufrimento da contorna social máis próxima á persoa que sofre o problema de saúde.

Que melloras cre que se deberían incorporar ás políticas sanitarias no que respecta ás condicións dos cuidadores e ao mesmo tempo manter unha sustentabilidade nos custos?

Primeiro deberíanse ter en conta modelos de optimización de cuidados na comunidade e avaliar que medidas resultan máis eficientes na mellora da calidade de vida da cuidadora ou cuidador, ofrecendo un maior acceso a programas de respiro familiar, terapias de apoio e monitorización dos cuidados por parte dun profesional. Desde o meu punto de vista, resulta importante o papel estratéxico que xogan as asociacións de familiares e habería que redefinir o seu papel na xestión da doenza, sobre todo en termos de melloras no benestar do medio social da persoa enferma.

No estudo sobre o impacto económico do consumo de drogas conclúe que a perda potencial de produción se estima en 15 millóns de euros. Cre que grazas ás políticas de prevención esta cantidade irá diminuindo?

É particularmente preocupante a redución observada nos últimos anos no orzamento destinado á área de prevención e, sobre todo, no número de intervencións de prevención universal. Deben abordarse intervencións preventivas que fagan visibles os custos que supón para o conxunto da sociedade o consumo de drogas, máis se cabe, en períodos como o actual. Se nas décadas precedentes o paradigma das medidas de prevención foi o aumento no número de programas, a día de hoxe habería que buscar criterios de calidade, impulsar intervencións baseadas en evidencias científicas, sobre resultados expresados en termos de saúde, e relacionalas cunha xestión eficiente de servizos e programas.

Que melloras pensa que se deberían incorporar ás políticas sanitarias para reducir este alto custo social derivado da drogadicción?

Nunha época de crise económica como a que estamos a vivir, o risco de que aumente o consumo problemático de drogas é cada vez maior. O escenario que se presenta para os próximos anos é, en certo modo, preocupante. No deseño de estratexias fronte ás drogas debería traballarse en varias liñas, como a mellora da efectividade das intervencións de reinserción laboral ou a loita contra a perda de visibilidade do problema que supoñen e do apoio do contorno social. Cómpre abordar actuacións específicas a determinados colectivos en risco de exclusión, desde inmigrantes ata persoas con problemas xurídico-penais, económicos ou de saúde mental.

O custo social desta lacra estímase en 73 millóns de euros. A que ámbitos corresponden fundamentalmente?

Fixemos o estudo analizando 8.000 estancias hospitalarias, 29.000 consultas de atención primaria, 91 mortes prematuras e máis de 2000 persoas con VIH ou sida. Atopamos que, adoptando un enfoque conservador, o custo estimado se cuantifica en máis de 73 millóns de euros, dos que un 40,5% son custos indirectos, fundamentalmente pola perda de produción ocasionada polo desemprego. No que atinxe a custos directos, preto do 90% proveñen de recursos sanitarios e asistenciais, entre os que salientan o VIH e a sida, e o Plan Galicia sobre drogas.

Que aplicacións pode ter este estudo para contribuír a mellorar a xestión asistencial no ámbito do alzhéimer e a drogadicción?

Os estudos de avaliación económica son un instrumento chave para informar sobre a asignación eficiente de recursos, definir medidas de contención de custos e establecer prioridades de financiamento selectivo de programas. Penso que poden ser unha base fundamental para a toma de decisións e a planificación de programas asistenciais, preventivos e de reinserción social.